

**PARA SATISFACER UNHA "DEMANDA LATENTE"****A Universidade de Vigo ofertará o dobre grao ADE-Dereito****23.04.2014**

VIGO. EP

A Universidade de Vigo ofertará, a partir do curso 2014-2015, o dobre grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE) e Dereito, co fin de satisfacer unha "demanda latente" e dotar de profesionais cualificados ao tecido empresarial do ámbito.

Segundo sinalou a decana da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, Ana María Pita, este proxecto "responde a unha demanda real" e permitirá aos alumnos (inicialmente ofrécense 40 prazas) rematar, ao cabo de cinco anos,, con dúas titulacións "sen menoscabo de ningún contido e cunha formación completa".

O decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, José Santiago Gómez, apuntou que este dobre grao era "unha carencia difícil de explicar tendo en conta a tradición empresarial e o tecido socioeconómico de Vigo".

Así mesmo, subliñou que esta iniciativa, que estará coordinada polo profesor Jorge Falagán, permitirá satisfacer "unha demanda latente" e dotar de profesionais cualificados as empresas. A ese respecto, destacou a proximidade do dobre grao ao tecido económico, xa que conta cun consello asesor e un grupo de empresas comprometidas a colaborar.

Finalmente, o reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato, afirmou que a posta en marcha do dobre grao supón cumprir cunha "materia pendente", e é un exemplo do "camiño" polo que quere transitar a institución para prestigiar a súa oferta académica e docente. Ademais, recordou que tamén é un exemplo de "cooperación intelixente" no que a Universidade combina recursos humanos e materiais que xa ten.